

## UNHAS PALABRAS DE PRESENTACIÓN

Ten vostede nas súas mans un libro singular. Con certeza un dos libros máis traballados de cantos teñan sido escritos na literatura galega contemporánea. Camilo Gonsar foino escribindo ao longo de toda unha vida, xunto con outros libros singulares, e deixou nel unha pegada de estilo e de sabedoría que o singulariza verdadeiramente como autor. Non é esta unha afirmación banal que caiba ser interpretada como un mero recurso retórico senón que tenta verbalizar un feito evidente: ser autor é, a día de hoxe, unha das cousas máis difíciles de lograr en literatura, agora que ao libro de autor, como ao cine de autor, podemos opoñerlle a literatura de industria, esoutra literatura que, sen prexuízos, pode chegar a ser entretida, interesante, mais que carece desa aura da que falaba Benjamin cando, nos primeiros esplendores do capitalismo, lamentaba a súa perda como unha das características da nova época. Isto, desde logo, implica que o lector non ha ficar indiferente perante a súa obra, amorosamente traballada, feita desde a artesanía. Haberá quen, coma nós, fique fascinado perante este exercicio de escrita, abraiado polas virtudes que imos

enumerar, e haberá quen se sinta distanciada, sen ser quen de se achegar aos fundamentos que alicerzan esta obra de ficción. A aura de Camilo Gonsar brota do concepto. A súa arte da ficción é unha arte incómoda para o lector acomodado; xorde sempre da posibilidade de abrir unha fenda no costume adquirido; obriga o lector a se situar fronte á fragilidade das súas convencións, a pór en dúbida as súas certezas. E, sobre todo, resulta irrepetible, inimitable. Sorprenderase o lector que descoñeza a obra de Gonsar, sentirase desorientado, fóra de lugar, ignorante das regras do seu peculiar xogo, mais rematará por descubrir con pracer cales son as pautas desta marabillosa partida.

Se boto man tantas veces da palabra singular e dos seus derivados é porque creo que a autoría, a autoridade, é froito xustamente da singularización do discurso, a peneira dese río de palabras que asoma a cada instante na nosa sociedade hipercomunicada, feita máis que nunca de palabras libres, desconectadas, como se as palabras finalmente rematasen por ter vida propia e agora fosen quen de circular de boca en boca, mesmo como o aire que compartimos. E cazar as palabras, domealas, reducilas a entidades obedientes e apousadas, é labor de non pouco mérito, máxime se estas se resignan (volven facerse signo) dentro do ton reflexivo do autor e do seu proxecto estético e intelectual.

O libro, composto de dous libros anteriores (*Lonxe de nós e dentro*, de 1961, e *Arredor do non*, de 1995), xunto con algunhas pequenas engádegas, mostra como o autor soubo manter ao longo deste período tan delongado de escrita unha mesma vitalidade; unha mesma posición de escepticismo perante a “realidade”; un mesmo afán de innovar os pro-

cedementos do “cantáble”, do que se pode contar/cantar e de cómo se pode contar. Así que convén salientar algunhas destas singularidades para que os navegantes da lectura non naufraguen no seu soñador periplo.

En primeiro lugar, un dos aspectos máis salientables da obra de Camilo Gonsar é a constante posta en dúbida da identidade. Os narradores que enuncian os seus textos, e moitos dos personaxes que deambulan por eles, parten, en ocasións, dunha dúbida constante. Por iso en moitos momentos as súas oracións van antecidas por fórmulas dubitativas: quizais, seica, acaso. Tamén se dubida do que se ve e, sobre todo, do que se lembra. Así que cando eses seres que dubidan de case todo enxergan os seus semellantes, enchidos de razón ou, mesmo, de ilusión, fican abraiados perante a súa certeza, a súa seguridade, o seu convencemento de que “as cousas son como son”.

En segundo lugar, deberíamos mencionar a busca de argumentos pouco convencionais. Na obra de Camilo Gonsar non hai crimes nin roubos nin catástrofes nin feitos que procuren a atención do lector a partir da súa espectacularidade, da súa vocación para facérense visibles con gran sobresalto das consciencias. Antes ben, calquera circunstancia, calquera ollada sobre o real, pode servir para crear unha situación merecente da narrativa, para tornarse, á súa maneira, exemplar e memorable. Por iso, en ocasións, o seu discurso non procura contar nada e as fronteiras que delimitan o relato e a ficción dos seus veciños o ensaio e a análise ábrese para se nutrir mutua e constantemente.

En terceiro lugar, as polarizacións semánticas tradicionais dunha boa parte da literatura galega desaparecen. Os seus personaxes son modernos e tradicionais; son autócto-

nos e alleos; e as súas ficcións, sempre contemporáneas, encontran como espazo para desenvolverse tanto as rúas de Londres, de Nova York ou de Vigo, como as paisaxes rurais das aldeas e pequenas vilas de Galicia.

En cuarto e derradeiro lugar, e para non converter estas palabras introdutorias nunha simple enumeración de características, que o lector avisado saberá encontrar por si mesmo, hai unha crítica radical contra a sociedade posmoderna ou como lle queiramos chamar ao estado actual de desenvolvemento do capitalismo. Moitas das súas narracións brotan das descrições de seres alienados perante os que o narrador ou algún personaxe reacciona con incredulidade. Mais preséntanse sempre desde a neutralidade. Non hai absolución nin condena. Aínda que o proceso de desvelamento da ideoloxía subxacente sexa, en realidade, un obxectivo.

Camilo González Suárez-Llanos (Camilo Gonsar), que naceu en Sarria en 1931, estudou o bacharelato en Vigo, cursou Filosofía e Dereito en Madrid, e, logo de vivir un tempo en Londres e tamén nos EUA, onde traballou na Universidade de Syracuse (Nova York), impartiu filosofía en diferentes centros de ensino secundario de España, e de Galicia, para radicarse finalmente en Vigo. Nese tempo escribiu libros. *Lonxe de nós e dentro*, relatos de 1961; *Como calquera outro día*, novela de 1962; *Cara a Times Square*, novela de 1980; *Desfeita (semirreportaxe)*, de 1983; *Cemento e outras escenas*, relatos de 1994; *Arredor do non*, relatos de 1995; *Luz del príncipe sol (cuatro relatos de segundo grado)* de 1996 e *A noite da aurora*, novela de 2003. E paseou. Os personaxes peripatéticos e deambulantes de Camilo Gonsar, e esta sería outra característica máis, teñen

que ver coa súa propia concepción da vida como movemento. Moitos dos seus relatos son iso: personaxes en movemento, desprazamentos nos que xorde unha conversa sobre calquera cousa, nada importante.

Considerarán algúns que a obra de Camilo Gonsar é tanto a obra dun filósofo metido a narrador como a dun narrador propiamente dito; alguén que, levado por un ánimo especulativo derivado de concepcións agudas e abstractas, pon a proba a linguaxe e considera as súas fendas, as súas quebras, os seus pés de barro. E non serei eu quen negue iso, xa que todos sabemos das fondas relacións entre linguaxe e coñecemento. Mesmo diría, xustamente, que a escrita de Camilo Gonsar brota da vontade de coñecemento. Escríbese para saber, mesmo para saberse, nunha actitude que desde Barthes converteuse en totalmente contemporánea. A escrita, esa actividade íntima como poucas, revélanos nunha relación especular coa linguaxe que nos constitúe, ao tempo que nos fai presentes os consensos ideolóxicos dunha época. A escrita é, por tanto, como a linguaxe, territorio do individuo mais tamén da sociedade. Escribimos para sabernos e, en consecuencia, para que outros se saiban a través dese saber infindo implícito na linguaxe.

Os personaxes de Camilo Gonsar son, tamén, seres detidos no tempo por máis que habiten referencialmente na contemporaneidade; entidades engaioladas nun cronotopo bakhtiniano ás que o tempo e o espazo deixaron de servir como coordenadas posibles. Por iso en ocasións, nada pasa. O devir flúe imparabile mais non necesariamente a través de grandes acontecementos. E estes seres que habitan as súas ficcións son seres sen máis entidade que as súas tris-

tes cotidianeidades. Non é preciso que pase algo para que a linguaxe interveña sinalando o exemplar e o memorable. Porque certamente nesa posición, eu diría que presocrática, heraclitiana, da percepción do signo, de calquera signo, como un grande acontecemento, o narrador refai, ao tempo que relativiza, as estruturas do relato convencional que está, tamén, no noso propio discurso, nos nosos *family plots*, nas nosas novelas de familia, na nosa concepción de nós mesmos en tanto que imaxinarios.

Pasen a páxina e gocen coas suxestións e a modernidade desta obra, sen dúbida, insisto, singular.

MANUEL FORCADELA